

OBXECTIVOS XERAIS:

- ☛ Contribuír á **personalización da educación**, en tódolos aspectos da persoa e tamén a súa individualización, referindo a educación a persoas concretas, coas súas aptitudes e intereses diferenciados.
- ☛ **Axustar a resposta educativa ás necesidades** particulares dos individuos, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas, axeitando a escola aos alumnos e non os alumnos á escola.
- ☛ Cooperar cos aspectos orientadores da educación, como favorecedora das aprendizaxes máis funcionais, facendo que a escola aporte realmente "**educación para a vida**".
- ☛ Favorecer os **procesos de madurez persoal, da propia identidade, dos propios valores e da progresiva toma de decisións**.
- ☛ **Garantir os elementos educativos máis diferenciados e especializados**, menos formais ou tradicionais, que dificilmente, en ocasións, pode proporcionar o profesor ordinario e as estruturas escolares ordinarias.
- ☛ **Previr as dificultades de aprendizaxe** e non só asistilas cando chegan a producirse, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como o fracaso ou a inadaptación escolar.
- ☛ **Asegurar a continuidade** educativa en áreas, ciclos, etapas, centros.
- ☛ **Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos sectores** da comunidade educativa (mestres/as, alumnos/as, pais/nais).
- ☛ **Contribuír a toda clase de factores de innovación e de calidade** que redunden nunha mellor educación, nunha educación orientadora e no apoio técnico á oferta educativa.